

# A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Núm. 36

A CRUÑA 10 DE SANMARTIÑO DE 1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, Id. 2 »

Pagos adelantados

## O CABALO DE BATALLA

### O IDIOMA POR RIBA DE TODO

A nosa é a primeira política galega que se fai en galego; a primeira política que non se contradí coma se contradeciron outras que ó tronaren contra da escravitú na que nos ten o Estado centralista, non facían mais que amostrarnos o pensamento galego, a y-alma galega encadeados no xugo do idioma opresor, no idioma que nos colonizou e nos ten en xeito de colonia axionllada, facéndonos lamber e bicar, cada vez que falamos en castelán, os grilos, as cadeas nos que está presioneiro o noso sere.

Porque decatádebos ben: cada vez que falades en castelán inda que seña pra protestar da hexemonía de Castela, á veira da protesta está o homenaxe ó idioma do centralismo, o reconecimento da superioridade das xentes que o falan. E unha protesta que emparella c'un homenaxe á mesma cousa, perde tod'a sua virtualidá. E un pobo que reconece a superioridade d'outro menos progresivo que o ten asoballado, é un pobo afeito á escravitude, que é escravo porque merece selo, porque quere selo. E a escravitude vountaria non se da nin no Rif.

Quen non teña unha y-alma de seu, non pode ser nada no mundo. A y-alma dos pobos é o idioma; e nos deixamos perder a nosa y-alma, trocándoa pol-as imposicións d'un alma estrana. E un pobo que, com'o pobo galego posee un idioma natural que falan as cinco sextas partes da sua poboación, percisamente as traballadoras, ás vivas, e arrenega d'il, é un pobo degradado, un pobo que vai camiño da morte, que vai morrendo por dentro, pra ser triste campo d'esperimentación de todol-os antoxos dos domeadores.

A autonomía dos pobos, mais forte que as armas e a lingua. E con que dereito pidimos autonomías ó Estado, si nós escomentamos por non querer facer autónoma a nosa concencia e o noso espírito, cando está na nosa man facelo soio con falarmos na nosa lingua?

\* \*

Lembrámonos de cando noso viaxe de propaganda ó Ferrol. Ibamos camiño do

teatro, e unha rapaciña díxolle a outra: «¿Ti sabes quen son eses: *te son los Amigos del habla*». E un xornal ferrolán sacou partido d'isto pra faguer chistes de cativa soma. E o xornalista que fixo o comentario era —probe e inconsciente señor!—sin il decatárese un triste escravo de Castela. E aquela rapaciña que coidaba *ordinario*, cousa de risa o galego era tamén unha escrava. Porque ó considerar *ordinario* o galego hai que considerar *ordinaria* a nosa raza, as nosas glorias, a nosa historia, os nosos denantepasados; hai que considerar vergonzoso ser fillos de Galicia, pois o galego e o froito esgrevio, o froito natural da nosa cultura, a síntesis espresiva da nosa cultura autóctona, xa que o idioma é a resultante d'unha civilización, o supremo grado da persoalidade d'un pobo que non pasou en van pol-a Terra, a sua cédula d'identidade no campo do universalismo, e ó arrenegar d'il confésase morto pr'a historia, decrárase vencido: e un pobo que non aspira xa a nada no mundo é algo vil e despreziable, coma un estorbo. E entonces ben fan cantos en Castela e nas Américas chámannos en senso aldraxante «galegos». Galegos que é peor que dicir xudios, xa que os xudios sin patria, conservan o seu idioma.

\* \*

Eses mesmos señoritos andróxinos da nosa terra que din que o galego é *ordinario*, son tamén os que falan da aspreza do catalán, da aspreza do alemán. ¡Qué iñorancia tremenda! Aspros son os idiomas pr'ós alleos a eles. Pero pr'ós que os recibiron en herdo da Natureza non son nin mais ni menos que o que teñen de sere—como non se queira enmendarll'a prana a Deus—porque non poderían sere d'otro xeito, porque obedecen á lei do menor esforzo d'unha raza e son o produto sagro da sua civilización: a sua propia alma exteriorizada e latexante. E quen non sinte co'a sua alma, quen non pensa co'a sua alma, nin ten cultura propia, nin pensamento propio, nin estímulo propio: será un autómatas de carne e hoso.

Y eisi son autómatas todos ises señoritos galegos, ises señoritos cursis, isas xentes das vilas, espiritualmente heticadas, que move ó sen antoxo o resorte centralista, resorte de credenciás escritas en castelán, e que coidan que non hai mais Galicia que as vilas e ollan o campo con desprezo e non sinten ofendida sua dinidá d'homes do século xx ó veren que os labregos viven ó márxe da cidadanía, asoballados pol-o cacique, orfos de todo agarimo e amparo. E o esquecemento do galego trainos o absentismo da terra; o divorcio antr'o campo e a cidade, o cuneirismo vergoñoso e vil, soportado sin protestas masculinas. Porque a solidaridade estreita d'as almas d'un pobo, que iso é a concencia coleitiva, afinca no idioma que é o froito dos sufrimentos e as ledicias de toda unha civilización.

\* \* \*

Nos loitamos por conquistar esa solidaridade, base do patriotismo que nos leva a ceibar este berro ateigado de dinidá: Galicia non peita por un Goberno pior ou millor: eixixe un Goberno propio.

Tiña razón Cambó este gran escultor de pobos cando nos dixo: «O día que o voso idioma morrese, habería eiquí homes, pero non cidadanos; habería eiquí un territorio con fautorías fenicias de riqueza illada; pero non un pobo: a libertá non podería frolecer en Galicia porque haberíades deixado de sere dinos d'ela.»

Puido haber dúbida sobre a nosa autuación ó fundárense as «Irmandades da Fala». Oxe, non. Porque temos probas de que pranteamos un probrema vivo, xa que unha gran parte da mocedá galega pensa coma nós. Si algún espírito superior—que eiquí tan baixo chegamos que ós espíritos escravos d'unha cultura allea chámasselles espíritos superiores—pertende rírse de nós, non queda mais que compadecelo, non queda mais que dicirille que a fror da inteleutualidade galega está con nosco e axiña irá con nosco a Barcelona pra espoñer alí os probremas galegos e saudar ós rexionalistas

catalás que logo virán a Galicia pra erguer o corazón da nosa terra. Vede a catedráticos coma Eloy L. André e Viqueira, educados na Alemania; doctores coma Porteiro e Banet Fontenla; filólogos coma Ribalta; sociólogos coma Rodrigo Sanz; pedagogos coma García Niebla; artistas coma Castela; literatos coma Fernández Flórez; poetas coma Cabanillas e Rodríguez González, comerciantes coma Bidegain...

Todos partidarios d'unha cultura, científica, artística e económica, feita en galego; todos crêntes no outo e sagro deber patriótico de non deixar morrer como pobo de personalidade propia a esta sofrida Galicia que resellou c'o cuño do seu espírito colectivo a mais de trinta millós d'almas; pois o galego, como demostrou o P. Feixó, foi pai do portugués, e Portugal e Galicia son anacos d'un mesmo corpo, seccionado pol-o centralismo que nos abafa. E soio Galicia c'unha prena autonomía pode sere no porvir prenda segura d'unha grande Iberia, como dixo moi ben o Sr. Labra.

\* \*

Siñoritos e vilegos que vos esquencedes do galego, que vos rides do galego: sodes a negación da xeografía e da historia, sodes a parede maestra do caciquismo que impide que chegue a liberdade ó pobo; sodes a arma suicida conque unha iñorancia secular alenta contra a vosa propia vida.

No Uruguay vanse fundar agora escolas de portugués; o mesmo en Londres; e voutros que tedes unha escola viva de portugués no voso idioma—pois sabendo o gale-

go vivimos en Portugal coma en Galicia—queredes matala, queredes pricindir d'ila pra reducirvos a unha inferioridade.

No idioma é onde se nacionalizan total-as ansias d'un pobo. Pol-o recobramento do seu idioma oxe a agricultura catalana—como di Bartolomé Calderón, un home que vive en París traballando á europea fai moitos anos—é a agricultura mais adiantada d'España e a cidadanía catalana a úneca cidadanía española.

Porque a nacionalización do pensamento e o traballo soio pode vir pol-o conqurimento d'unha solidariedade de concencias que impón o uso do idioma natural. E a loita pol-o reconecimento das nacionalidades naturais é unha loita progresiva, redentora; é a organización do mundo con arreglo ós principios da liberdade, como nos insiña a guerra actual. Porque cada nacionalidade natural organizada, supón a redención dos homes que forman esa nacionalidade; supón a perparación pr'ó federalismo, supón a paz universal, como se demostrou no derradeiro Congreso de Berna. Que soio cando son perfeutas as pezas d'unha máneca, a máneca funciona.

Os que queren facer rexionalismo en castelán son tan infantís coma aquel rapaz do conto que s'empeñaba en valeirar a auga do mar n'un burato da praya.

O rexionalismo ou se fai en galego, ou será sempre un fracaso. E o rexionalismo galego terá que sere esencialmente democrático porque o noso idioma e idioma do traballo enxebre por escelenza.

6.000 persoas, espalladas por Galicia e o mundo? ¡Si tevésemos dicionarios e gramáticas!

Hai algús enxebres d'a vella cepa, dos que falan en castelán cando non deberan falaren, que censuran o xeito que moitos temos pra esquirbir o noso idioma. Ise enxebres deveñen en forza negativa e esteril. Porque queren, porque lles peta. Pois s'en troques de marmular de nós viñeran a nós a dárennos leiciós prácticas, axudándonos no traballo, axudándonos a levar a cruz do sacrificio que vimos facendo, a mais d'un favor persoal ós redautores d'A NOSA TERRA, emprestarianlle á querida nai Galicia un outo e froitífero beneficio. ¿Teñen, quizáis, dúbida da nosa corrección cabaleirosa? Coidan que non lles faremos un recuncho d'honore, con molidez d'agarimo, á nosa veira?

Non; ningún que non nos axude rexamente, constantemente, ten dereito a censurarnos. O dereito da censura estará da nosa parte: pra censuralos a eles, pra arrenegar d'eles que, na hora mais crítica pr'ó porvir galego, desarrechéganse de nós, deixándonos soíos na santa loita.

Oxe, leutores, non hai na Galicia mais cera que a que nos mantemos acesa.

Por nós, conquirense a cotío novos irmáns pr'á causa; por nós as sociedades agrarias de moitos pobos veñen facendo profesión de fe nazionalista, que axiña terá somellanza co'a dos fenianos irlandeses de 1869; por nós moitos inteleutuás nados na Galicia escomenzan a pensare en nós pra xuntarse a nós; por nós a nosa terra entrou n'un concerto trascendente con Cataluña e Baskonia; por nós os vellos políticos galegos escomenzan a preocupárese dos asuntos da rexión.

Un ano de boletín e d'autuación d'as «Irmandades da Fala», pro d'autuación rexa, tenaz, chea de sacrificios, trougueron canto deixamos dito, e moito que está en proyeuto e que axiña ten de dare froito, amostrando a nosa forza e a nosa barilidade, no camiño do éisito indiscutible.

E iso que somos probes, modestos e tod'o faguemos sacando os cartos do peto.

Quenes nos deixaron á metade do traballo, procurando poñer espiñas baixo os nosos pes, coidando que os nosos pes non eran pes d'apóstoles, sinon de siñoritos andróxinos cubizosos da vanagroria, poden sentire o remorso da sua cobardía antepatriótica, si teñen corazón que responda ós ditados d'unha testa organizada: Que en nos hai cultura, fe, vountade e enteireza d'abondo pra chegar ó cume da redenzón galega, caya quen caya e doia a quen doia. Temos xa autoridade e práctica da vida. Estamos unxidos pol-o sacrificio pr'ó sacrificio, e xurdiremos, xurdiremos sempre.

## NO PIRMEIRO ANIVERSARIO

# CAMIÑO DO TRUNFO

**L**EVAMOS un ano de vida! Agora cumpre o pirmeiro aniversario da vida d'A NOSA TERRA. Un ano de parola c'o público. Un ano de faguer pensamento galego, en galego. Un ano de sentírenos a nós e de recoller o sentimento da terra. Un ano de faguer patria.

¿Fumos torpes? ¿Traballamos mal, sin xeito?

Si pol-a boa colleita conécese a semente de lei, temos de contestare de maneira afirmativa, decatándonos de que o corazón relouca, latexante de xúbilo, no noso peito.

Oxe A NOSA TERRA fai unha edición de 2.000 exemplares. Iste exemplares, cóse que todos son leídos pol-a xuventude. Moitos coleiciónannos con verdadeiro intrés. Sin pecarmos de fachendosos, terá de sérenos primitido supoñer que cada un dos exemplares é leído cando menos, votando pol-a corta, por tres persoas, o cal danos

unha circulación antre 6.000 leutores. Leutores non somente afincados na Galicia, senos nas Américas, no Portugal, en total-as grandes cidades d'España onde hai galegos e deica n'algús logares d'África.

¿Non é, pois, A NOSA TERRA unha gran escola de patriotismo e de cidadanía; a pirmeira escola, a millor escola enxebre que houbo endexamáis na Galicia? ¿Dicídenos d'un orgo de pubricidá mais importante!

E verdade, abofé, que non todol-os que esquirben n'iste boletín fanno n'un galego esgrevio e correuto. Pro pensan en galego, sinten en galego, e traballan arreo cheos de fe—fan o que poden—por creare unha concencia colectiva, base de todo, e por preparamlles advenimento ós grandes esquirtores e pensadores de mañán. ¿Non resulta xa un bô estímolo pr'á mcedade inteleutual galega o sabere que os artigos que pubrique n'iste boletín terán de ser leídos por



E jai de moitos que pasan por enxebres o día que nós ergamos as disciplinas da crítica, no nome da cultura, pra de carregarlas sóbor dos fariseos! Non quedará d'elles nin a soma.

Leutores, irmáns: oxe coma nunca precisamos o voso apoio, a vosa axuda. Do sa-

crificio común, sairá trunfal e gloriosa, alumada pol-as rayolas da xusticia, pol-os esprendores do progreso cidadán, a Galicia redenta que todos arelamos... A forza de vountade é o cimento de todo.

A NOSA TERRA leva un ano de vida. ¡Terra a nosa!

DE MÍN PRA VÓS

## EN VISPORAS D'ELEICIÓS

Fuco chega á casa ás tres da mañán, dono e siñor d'unha tana maúscula. Petra, sua dona, sínteo entrar dend'o leito, e fai que dorme.

Fuco mal coma pode, ou ben coma non pode, chega onde a sua dona, e dándolle unha volta á chave da lus eléitrica, alcende, e vé.

Fuco (*Sentándose na veira do leito*).—¡Petra, Petral...

Petra (*Poñéndose d'outro lado*).—Si te deitaras...

Fuco.—¿Deitarme? ¿Deitarme n'unha noite como ista, vispera de grandes acontecementos? Eu non fago tal cousa, (*Pausa, pr'arregrar un meio desarregra na gorxa*). Ti non sabes canto andiven, canto falei, canto remexín ista noita... ¡Rite ti dos vai e ven de García Preto pra chegare ô que chegól E unha disgracia; o sere un, un compreto cibdadán, é unha disgracia. ¡Ai quén tivera as ilusións perdidas coma Pico-rete o do cine! (*Tocando á dona pra qu'esperte*). ¡Muller, miña muller, si é que non troquei de casa ou ma trocaron, ascoita! E miña obriga o facérete sabedora dos meus aitos, e teño...

Petra (*Rebulindo*).—Non fai falla, xa o sei.

Fuco.—Mais si non m'ouviches.

Petra.—Vinte.

Fuco.—¡Mintes!

Petra.—Vinte, vólvoche a dicire.

Fuco.—I-eu repítoche que mintes, pois non me dóu mais que doce, e iso porque arrecadeille votantes pra saír eleito tres veces.

Petra (*Porcatándose do trabucamento de Fuco e gustándolle o xiro que tomaba a conversa, sentouse*).—Vaia hom, que tamén nunca coidei que pagárame tan pouco.

Fuco.—Pois si cadela mais me dóu, que cadela de casa probe me volva. Boeno, iso sí, pormeteume que saindo concexal e pásame hoxe ou mañán calquer trifulca na que interviñeran os *cascorro*, que non tiña mais qu'avisarlle é... ¡nin dez nin doce nin nada!

Petra (*Soborpulada*).—¿Non dóuche nada?

Fuco.—Dou, muller, dou. Falo das da multa que poideran poñerme. Non fallaría outra cousa. Abondoso non é, mais drento da sua avarenza, é honrado, e moi honrado, si siñor, que unha cousa non quita a outra, é verdá.

Petra.—E hule as pesetas.

Fuco (*Facendo o desentendido*).—Ade-máis, pormeteume que si sai eleito, recun-cará, ou faram recuncar c'outras tantas, pro axiña, en canto o seipa.

Petra (*Impaciente pol-os cartos*).—¿E as doce?

Fuco.—A isa hora ainda non termíñase, muller. Sábese algunha cousa, mais de certo, non.

Petra.—Uy como m'amocas. ¿El ti trael-os cartos Fuco?

Fuco.—Traio, xa fareiche contas.

Petra (*Desconfiada*).—Contas temos, malo; dácheme mala espiña.

Fuco.—Aporpósito d'espiña. Xuntéime na tenda da Raposa co-unhos cantos amigos a cear un bocado, e ô estare comendo un-hos toros de pescada fritida non sei que raio de gracia fixo un d'eles qu'agora non lembro, que voteime a rir con tanta disgracia, que pasei unha condanada d'espiña, atravesouseme na gorxa, e...

Petra (*Cruzando os brazos*).—Pois si que ten gracia.

Fuco.—Pois eu no-a vexo.

Petra.—Quen parézme que no-as vai ver, son eu.

Fuco.—Non t'enxergo.

Petra.—Enxérgome eu e beilo soia. Tí, fasmе contas?

Fuco.—N'iso istaba. Comencéi a tusir e á abrimme do peito, e que mal rato paséi. ¡Coidéi que finaba!

Petra (*Dando mostrás d'ire perdendo a paciencia*).—Pouca era a perda.

Fuco (*Como si non ouvira*).—Vállame a miña sereidade. Tiven un pequeno acougo, metín un cornecho de bolo na boca, e botando man d'unha xerra de dous netos cheiña a reverter, dalle, dalle, dalle, sin tomar folgos, aló foron espiña, cornecho, e os dous

netos á mellor vida. Pra istes casos non che hai com'a sereidade.

Petra.—Si, a que vou perdendo eu.

Fuco.—Pérdea calquera. Non coides que a mín fallóume moito.

Petra.—¿E malos xuncras lévenme si non bulraste de mín?

Fuco.—¡Deus libreme de tal, e cando tales intentas ocurríranme, quedárame mudo, muller!

Petra (*Aumentándoll' o vapore*).—Pois parez, home, parez. Deixate de lerias, e contéstame.

Fuco.—Pergunta, Petriña, pregunta.

Petra.—Cobrachel-as doce pesetas?

Fuco.—Cobrei, a fé.

Petra.—¿E tráelas?

Fuco.—Traio, com'a lus que nos alumea.

Petra.—Pois daquela, ¿que demoro fás que non, más dás pr'o arreglo da vida?

Fuco.—Disimula, antes que se m'esqueza. Unha das cousas millores e boas por certo que levar-os nosos concexales, é o arreglo da vida, iso é, o tomare medidas pr'o abarata-mento das subsistencias que...

Petra (*Atallandô e collendo unha perila da cabeceira da cama con ar ameazador*).—¡Xa canseime, reporra! ¡Vai facer bultra d'outros tan bós como tí! ¡Ou arregramos contas, ou céiboch'a perila na testa como chámanme Petra!

Fuco (*Erguéndose á presa e pódosena porta que dá pr'à sala*).—¡Qué condenado xenio téis muller! ¿Mais que contas queres que che faga? Seis pesetas, gastéinas en cear cós qu'axudáronme.

Petra.—¿E as outras seis?

Fuco.—D'elas, tres, fun comendo e bebendo pol-o dia adiante.

Petra (*No cume do encabuxo*).—¿E pra iso saíches da casa as seis da mañán e non che vín o pelo en tod' o día?... Boeno, ¿e as outras tres?

Fuco (*Acochándose trais da porta*).—As outras tres... ¡dinllas ôs probes!

Petra (*Erguéndose da cama*).—Logo, ¿qué dicir que non traes unha mala peseta das doce?

Fuco (*Fuxindo e dende a porta da rúa*).—¡Qué parva eres, muller! ¡Cómo que si eu tivera unha peseta había de vir pr'à casa!.. ¡Axíña m'ibas vel-o pelo!

RICARDO CARBALLAL.

Na administración d'A NOSA TERRA temos á venda o libro de poesías DA TERRA ASOBALLADA de Ramón Cabanillas.

Prezo 1'50 pesetas.

## DO MEU FEIXE

**M**EUS irmáns: Perdonádeme o meu silencio, iste silencio imposto pol-os tiráns guignolescos que nos desgobernan. Eu non quixen nin quero esquirbire baixo da previa censura. Non quixen nin quero someter, d'antemán, os meus pensamentos ó lápiz do censure. Un pensamento tachado denantes de saire ó día é com'un fillo morto drento da nai. I-eu non quixen nin quero abortare pensamentos. Quixen e quero parilos viventes, fortes, cheos de rudeza.

Ehí tedes a explicación do meu longo silencio. Perdonádeme, porque sei que necesitádesme; porque presinto e sinto que n'ista hora solene todos somos necesarios; porque sei que Galicia—¡adorada naiñal!—morre-ría sin nós, e cada un de nosco ten a santa obriga de faguere qu'ila rexurda e viva. Perdonádeme. Arelo tanto a liberdade, qu'aínda pol-os pensamentos—¡tan libres!—tiña medo de que caisen baixo a poutaroxa do lápiz infamante, qu'é como un cadalso das ideas salvadoras.

¿E.....?

Xa pasou, de momento, a eisaltación da tiranía. E ¿qu'imos faguere, cal ten de sere o programa da nosa autuación? Eu penso que pódese concretare en tres verbas: traballare, traballare e traballare. ¡Nin o mais pequeno descanso! ¡Nin un anaquiño pra tomare folgos! ¡Nin xiquer un instante cativo pra restañare o sangue das feridas! E perciso loitare, loitare traballando e traballare loitando. Que loita e traballo sexan unha soya cousa. Qu'o traballo sexa pensamento y-estúdeo e arelas de redenzón e berros bariles ¡e pureza d'ánemal! Sóbor de todo, pureza. Qu'o noso traballo sexa com'unha consagración, como elevare unha hostia viva no altare de Galicia escrava.

Temos programa d'abondo. O feito por Brañas, as arelas da Solidaridade Galega, as conclusió das Asambreias monfortinas. Nossos esquirtos, nosos discursos, toda a doutrina espallada n'iste boletín.

Agora é perciso traballare, estudeare con amore, espallare as nosas doutrinas e non esquencere a nosa mais forte arma; o idioma, a lingua nosa e dos nosos pais, o Verbo palpitante e bruxo que ten de nos donare nosa personalidade.

No Ferrol imos faguere un boletín orgo da nosa *Irmandade*. Haberá confrencias a cárrego dos mais valentes loitadores da nosa causa. A cotío traballaremos pol-o ferrocarril da Costa. Nos poñeremos en comunicación cos labregos. Seremos acicate pra outas empresas de cidadanía. Velaremos, nas próisimas eleució, pol-a pureza do sufraxo perseguindo rondas, amañadores

e mercadeiros de votos, sexan do campo que sexan. Temos d'ire a Pontedeume, Ares, Mugaros e Betanzos. Levaremos a Valdoviño—un Auntamento mangoneado pol-os caciques—nosas ideas redentoras. En algúns pobos faremos unha especial labore d'antialcoholismo. Tamén faremos algo de Teatro galego. E.. traballaremos, traballaremos a cotío pol-a nosa Galicia.

¡Qu'arelas tiñamos de podere berrare e vivire en libretadel! Agora cada minuto perdido é unha delore no noso corazón. Os irmáns de Ferrol xuramos non perdere nin un soyo minuto.

E si podemos faguere mais o faremos. ¡Qué nada nos parece imposible, dominados pol-o sopro ardente da fé que nos escalda as entranas!

### O evanxelio.

—As suas prédicas son o evanxelio—dícame un labrego, un culto labrego que sabe

d'economía rural como ningún dos *nosos* deputados. I-eu penso que si: qu'a nosa autuación é evanxélica e que com'apóstoles temos de predicare. Mais nosas prédicas teñen de sere prédicas d'amore. Irmanare ós galegos, amostarilles que traballamos pol-a mutua felicidade. ¿É posible qu'algún galego non queira qu'a Raza sexa respetada en tod'o mundo pol-as suas obras; que non queiran pra Galicia a maiore grandeza? Que nos chamen utopistas, pro o feito é qu'aínda que soñásemos con facere de Galicia un imperio, todol-os galegos terían qu'atopárense con nosco no sono ideial. ¡A erguere Galicia! ¡Terra a nosa; a mais forte, a millore do mundo, a benta entr'as bentas! ¡Qué galego pode s'avergoñare ou ollare con desprezo istes berros!

¡Qu'o noso camiño é trabucado? Traballade, galegos, por Galicia, como queirades: xa nos atoparemos no cume. E isto si qu'é o evanxelio, un evanxelio d'amore pra todos, que somentes poden ollare con odio os cheos de odio nas suas ánemas.

XAIME QUINTANILLA.

## A ESTRELA RENOVADORA

# GALEGOS, CHEGÓU A NOSA HORA

**R**ENOVACIÓN! Ista santa verba que eispresa un santo conceuto, chegou xa ás outuras do Poder. O Poder púbrico e o Querer púbrico acaban d'apreixárense n'un fondo estreitamento.

Soio os cegos d'esprito, os que teñen o miolo pechado pra todol-os reflexos da verdade, poden sintire desalento no istante actual.

A persencia de Ventosa e Rodés no novo Goberno, é unha garantía de seriedade. Non son homes que vafan na busca d'un título de «exministro», coma fono moitos monárquicos deica agora. Non; iles xóvenes, repersentantes d'unha rexión viva, ateigada de cidadanía, onde os homes púbricos son a espresión de sentimentos colectivos, non poden transixir con nada que sinifique treición ós ideás do pobo do que son mandatarios. Ventosa e Rodés, repersentan a toda Cataluña: a da direita e a da esquerda. Ventosa e Rodés son o nazionalismo no poder, o nazionalismo enxergado na vida política española. Repersentan a cidadanía en pe; o senso europeo.

Bahamonde, o ministro da Gobernación, significa a millor prenda de pureza gubernamental. Endexamais foi político; endexamais tivo arrechegos co'a vella política. El di que suprimirá o fondo dos reptís pra os xornás; que non ouvirá a ninguén que vaia

a falarle de eleiciós. E ben; ¿cando se veu na España un caso eis? ¿Cando véuse que non fora ministro da Gobernación un político laberco, mestre en amaños e chanchullas, significado pol-a sua *historia*?

Cando víchedes tal, leitores? ¿Cando víchedes o ofercimento que responde a unha convición, d'unhas eleiciós puras, sin presió d'enriba?

¿Hai maneira de maxinare que a renovación d'España poidera escomenzar d'outro xeito? ¿Non é o único camiño pra chegarmos a unhas Constituyentes?

Os que pensedes pol-a vosa conta, os que teñades senso comun e senso propio, non vos deixeis enganar pol-os vellos cantos do ridículo progresismo do ano 50. Dívolos un isquerdista, un radical, que pirmeiro que mintir esgallarí a pruma. A liberdade e democracia (poñede letras máiscolas si queredes) conécense pol-as obras, non pol-as palabras. Hai que pensar con Pi Margall que perferibre a unha República unitaria é unha Monarquía federal. E que un troque de Goberno pra todol-os españoles (pro agora pensamos en Galicia) nada significaría trouguese a fachada boniteira e d'aparencia moderna que trouguese, si non nos ofercera os meios pra redimírenos do caciquismo noxento e bárbaro que nos abafa.

¿Pode Galicia con iste Goberno iniciar a



su redención? Coidamos que si. Galicia, a nova Galicia ten que loitar rexamente, facendo cantos sacrificios sexan percisos, nas prousimas eleicións xeneraes. O supremo intrés, intrés de vida ou morte, da nosa terra, ha de consistire en sacar cando menos trunfante das urnias un deputado de seu, un deputado galego, alleo por com preto ós vellos partidos, que leve a voz da patria natural nas Cortes formando no bloque de bascos e catalás. Si ese deputado témolo—e agardamos tere mais d'un—a independencia de Galicia no orde político, a morte do cunearismo e do canallesco caciquismo de baixa ralea, serán un feito axiña, moi axiña. Ese deputado enxebre sinificará o que o punto ceibo n'un tecido, o que a clave n'unha ponte. Falla a clave, e desfaise o arco; falla o punto e desfaise o mesto zurcido oligárquico.

¿E sabedes de Libertades e Democracias que nos intresen mais que o desbotamento do caciquismo incivil que fai da nosa terra un eido d'escravos?

\* \* \*

Non fagades caso dos vellos cantos. Uns serán fillos do despeito, outros da comencia en perigo. A metade dos xornás madrileños, quizais en troques de cantar ó morren com'o cisne, bruen e berren cheos de xenreira fallos do *alpiste* c'o que faguían o milagre de vivir. Non fagades caso dos esquerdistas que non souperon trager a República nin fixeron endexamais outro labor revolucionario que aquil relacionado co conqurimento de actas eleitorás. Non fagades caso dos feros papa-reises, que sirviron ós reises por trinta diñeiros cando lles veu ben ós vellos políticos monárquicos. Non fagades caso dos esquerdistas que combatiron feramente a autonomía das rexións e as testas coroadas, pra procramar oxe—¡ouh mi-

lagreiro arripintimento — a accidentalidade das formas de Goberno e a necesidade d'un réximen fondamente autónomo.

Os vellos partidos monárquicos morron. Pro teñen de morrer tamén os vellos e verbaleiros partidos republicanos. A lóxica non pode tere duas facianas. A tempos novos, novas ideas en homes novos.

A. VILLAR PONTE.

O CACIQUISMO EN PONTEAREAS

Berrando contra a inxusticia

Sorte foi, e grandísima, pra todol-os cidadans do Estado español qu'o Goberno do dispreciabel Dato dese en terra cós seus hosos, mais posibre é qu'ante os beneficiados co a tal caída figuremos en pirmeiro termo os galegos. A influencia nefasta que n el exercían os grandes caciques galegos—Besadas, Bugallales, etc.—era decisiva. As autoridades dependentes d'aquela situazón vergoñosa—qu'endexamais tomará ó mando porqu'a diñidade dos cidadans o impedirá c'o seu veto—non fixeron sinón servire con mansedume carneiril d'escravos as eisixencias do amo. Boa razón d'elo poden dar os agrarios d'Ourense e Pontevedra. Nunca mellor qu'agora puido decírese, qu'o cair esmendrellado Dato co-a sua cuadrilla os peitos galegos adiquiron folgos. E como pra mostra abonda un botón, nosoutros damos o que sigue, non pequeno certamente:

O por fortúa es-gobernador da provincia *riestrana*, durante a derradeira etapa idóneo-incivil-conservadora, fundándose en que as sociedades agrarias de Pías e Cristiñade, no termo municipal de Ponteareas, non levaban no debido xeito os libros sociaes, listas de socios, etc., impuxo a cada un dos dínos membros direitivos das nomeadas sociedades a bárbara multa de cen pesetas. E isto que sería tolerabel, soio tolerabel, sempre e cando as mesmas eisixencias se tiveran con outros centros e sociedades, resulta alitante, incalificable, inxusto, d'unha inxusticia que berra ó ceio, dende o momento en que

nada d'iso se fai. Y-eisí sucede que mentras as agrupazóns agrarias, verdadeiras escolas de cidadans, son rigurosamente vixiladas e suxetas ás formalidades d'un legulayismo esaxeirado ¿quén sabe cantos serán os centros recreativos—escolas moitas veces de perversión—e as entidades mercantiles e industriaes—en ocasións centros d'eisprota-zón—que viven e medran sin cumprir cós requisitos que determináron o castigo imposto ás sociedades agrarias de Ponteareas?

Mais o segredo da cousa non s'afinca en que se cumpriran ou non as disposicións legais—a legalidad é algo dúctil e maleable, a capricho dos caciques, que son os que mais emprego fan d'ela—sinón probabremente n-algunha orde donada pol-o noxento cacique de Ponteareas, o facendista *pour rire* do goberno da represión d'Agosto, ós seus criados.

Seipan, pois, os agrarios de Ponteareas que con eles compatimos a indiñazón qu'a cacicada lles produxo e qu'a sua veira nos terán de cote, pra velar pol-a reparazón das inxusticias e pol-a liberazón da terra asoballada.

Asamblea importante en Vigo

Axuntáronse en Redondela sinificados elementos agraristas, acordando facer unha Asamblea en Vigo, co oxetito d'aderírense ós ideais rexionalistas porpagados por Cambó.

A Asamblea, faráse axiña. Terá fonda trascendencia. A ela, como é natural, irán representantes das «Irmandades da Fala», xa que son as que na nosa terra veñen sementando rexamente, tenazmente, o credo nazionalista, dende fai ano e medio, pra chegaren ó froitífero estreitamento de relacións entre Cataluña e Galicia.

Tamén as sociedades agrarias d'Ourense, sumaráanse á campaña nazionalista. E com'as d'Ourense, as da Cruña e as de Lugo.

¡Adiante, que imos camiño do trunfo!

AOS ARRISCADOS IRMANS D'A «NOSA TERRA»

AO PALENQUE

Valentes sodes, fortes armaduras herdástedes d'aqueles cabaleiros d'outra idade, do amore prisioeiros tenvos a dona entre cadéas duras.

Ancha é a liza, grandel-as venturas se conseguil-o trunfo c'os aceiros, y-ao vevros coroádos c'os loureiros do Olimpo sobiredes ás alturas.

Soltade as bridas e no ristre a lanza, coma un turbión que enravexado avanza, embestide nos peitos anamigos en onde o monstro da inxusticia late. ¡Paladins estorzados, no combate terés a Dios y-a Patria por testigos!

DESPREZO

Pouquiños pro escolleitos; novos pares, terror dos arriscados agarenos, téndel-o ardor y-as armas dos helenos que o honor levóu por tormentosos mares.

Recorrendo campías e lugares, Quixotes lexendarios, nunca os frenos quitades aos corceles, e inda menos ceibádel-os arréos militares.

Sempre dispostos a reñir batalla c'o vestiglo feroz da tiranía, mercades groria a sanguineuto prezo, e sabés responder á cobardía que latexa no peito da canalla co-a subprime surrisa do desprezo.

CABALEIROS ANDANTES

Ben sabés que a armadura que levades foi femprada nas forxas de Vulcano, y-arrincado o metal no fondo areano onde nacen as feras tempestades.

Do alto Olimpo a trouxeron as deidades entre os rayos de Xove soberano, facendo invulnerabre o corpo humano de Aquiles, trunfador n-outras edades.

Por eso ides con tranquilo porte á dura loita sin pensar na morte, ollando pra os encantos feiticeiros da nobre dama que socorro improra; y-hoxe seredes, para a nai que chora, novo fato de andantes cabaleiros.

GONZALO LÓPEZ ABENTE.



## PINTORES D'ALMAS

## XAN LUIS

Co seu aire apoucadoño  
e feito un malpocadiño,  
cal si fose un pecado ter xuventú,



MORREY  
1917

el fixo n'un correndiño  
o primeiro milagriño  
da milagreira Virxe da Escravitú.

Nas suas obras feitiçeirias  
hai idilios das pradeiras  
e hai lembranzas mimosas dos alalaás...

Son troulear das muífeiras,  
son garular das pandeiras  
cando coas castañolas van ô compas.

Dalle ôs conxuntos saudade;  
dalle â luz a vaguedade  
que o paisaxe gallego sabe ofrecer...  
dalle ô coor a soavidade  
da morna tonalidade  
que nosa terra amostra no atardecer.

As suas mozas anenadas  
son com'unhas alboradas  
que lle empristan âs froles luz e color.

Son o encanto das fiadas,  
e son tan amôdosadas  
que cantan en sorrisas o seu amor.

Manto de malenconía  
cobre amoroso a campía  
donde brinca a inocencia de Florisel.

Y é cousa de meiguería  
que haxa quen na mocería  
leve a y-alma da terra no seu pincel.

A un tempo artista e poeta,  
tên a fe do necoreta  
si as nenas de Rosalva vano tentar.

E co fervor d'un asceta  
y-o engado da sua paleta  
inda lles dá alegría pra rebuldar.

Está no albor da sua idade  
y-é o pintor da inxenuidade  
que tén na Picariña retrato fiel.

E pinta con tal verdade  
que aunque empeza a mocidade  
xa leva alma da terra no seu pincel.

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

## MÚSICA GALEGA

## UN NOVO COMPOSITOR

LEMBRARÉDEVOS todos que Rodrigo Sanz, o noso grave e austero apóstol, dicía, n-uha das máis fermosas conferencias que eu teño ouvido na miña vida, que os tres esteos máis firmes e característicos da personalidade d'un pobo son o idioma, o aspecto económico en xeneral, e o arte popular. Todo pobo que afinca a eistencia d'estas manifestacións da raza é un pobo vivo, con historia e responsabilidade perfectamente definidas; en tanto que s'algunha d'elas non abrangue o grao de desenvolvemento preciso, para a sua libre expresión, a dita personalidade

hase de vere, en certo modo, ambigua, falla de enerxía pra sufrir o análise e a censura da sua rotación progresiva. E así socede no noso pobo c'unha das máis belas manifestacións do arte popular, a que mellor espresa, acaso, toda a tenra malenconía da sua distinción; a lírica en xeneral e particularmente a composición musical que recolle, no máximo rellado do pentágono o rico cromatismo dos nosos cantos, os máis fermosos é variados (dentro, é claro, da uniformidade da orixen) de cantos forman o canto popular español. Non iñoro, certamente, o

que a este respecto se leva feito e tencionado facer por cantos no noso país sentiron a divina inspiración musical pero tampouco coído cometerse ningunha imprudencia se afirmo que esceito a seria, múltiple e inmortal labor de Montes, todo o mais non ten maior trascendencia nin afinamento que o frívolo encanto da poesía, conque foi concedido. E téñase en conta, que de Montes non se fixo aínda un detido estudo de divulgación que permita conecer con maior intensidade todo o caudal melódico e de solene armonía dos seus cantos relixiosos (os de arte mais puro e verdadeiro, según sentencia de Tolstoy) pero co xa conecido e admirado hastra o d'hoje, hai d'abondo para reconecer no insine músico lucense tal mestría e facultade creadora que non logrou deixar natural sucesión.

Habido esto, abranguerose facilmente canta foi a temerosa inquietude que levou o cronista á escoital-as primicias d'unha páxina, suscrita por un compositor para moitos desconecido, inda que xa se lle loube xeneralmente n-outra manifestación do seu arte. De Xosé Doncel, o notabre violinista, falo, cuia modestia tan grande coma o seu talento, sufriría un rudo golpe se me propuxese, en beneficio único da nosa íntima amizade, gabar gaiolamente a sua nova obra.

Trátase d'unha melodía inspirada na doce fragancia d'uns versos de Rosalía. Ten toda a ritmica e tranquila expresión das nosas baladas, sequer os seus doces motivos fluyan n-unha modalidade esquisita e orixinal que revelan no seu xoven autor unha musa fresca e viril, con nobres arelas de renovación. Claro que non abonda a sinxela expresión d'un madrigal para acusar unha xenialidade, pero é sabido que cando o xenio crea, aínda nas suas mais cativas sensacións ten a mesma forza emotiva que nas de maior complicación e desarrollo. Non quero dicir, asímesmo, que a nova composición de Doncel sea xenial—¡Deus me libre das tuas iracundias, susceptibre amigo!—pero síntese na mesma un matiz tal de íntima comprecencia que cautiva o ánimo en fonda e serea ensonación...

...Eu desexo que esta bela melodía, xuntamente con outras duas que ten xa o mestre no seu pentágono, sexan ouvidas axiña e celebradas por todos pra ver se o entusiasmo que invidiabilmente espertarán fan sair da sua esaxerada modestia a Doncel, pra que con maiores bríos e n-outras maiores empresas tencione seguir a solitaria senda que Montes deixou trazada, cooperando así co'a forza do seu escelso arte â noble labor de redenzón da nosa aldraxada patria, â que todos os que por ela loitamofrecémonos co'a mística e estoica comunión conque samente ofrécese o espírito.

XACOBÉ CASAL.



## Pol-o rexionalismo andaluz

O director do boletín rexionalista *Andalu-cia* e catedrático da Escola de Comercio de Sevilla, noso distinto amigo e correlixionario D. Enrique Real Magdaleno, n'unha notable conferencia que dou no *Centro Andaluz* da cidade hispalense, propuxo que erguérase, por suscripción entre as oito provincias andaluzas un moimento á heroica Astapa, coma consagración ó esforzo d'aquelles compatriotas meridionás que ó estalar a segunda guerra púnica, loitaron na xuntanza dos cartaxineses contra das lexións do Tiber.

O *Centro Andaluz* fixo seu o pensamento do noso amigo, e propuxo ó Municipio d'Estepa que profille a idea pra que poida erguerse axiña aquel pilar glorioso do rexionalismo tartesio, que percisa d'un símbolo de tal xeito.

Todol-os xornás d'Andalucía louban a felis iniciativa de D. Enrique Real Magdaleno. Nós, dámoslle a nosa mais garimosa embora.

## Unha chamada

DON Xosé Rodríguez, no *Heraldo Guardés* publica un artigo falando da convocatoria que D. Xaquín Núñez de Couto dirixeu ós agrarios pra facer unha Asambreira rexionalista en Vigo.

Pareznos ben aquel artigo. Soio ollamos unha cousa que nos pon en «guardia». O Sr. Rodríguez fala do idioma galego como de preito secundario. E di que en Galicia todos sabémol-o castelán, namentres que en Cataluña había moitos que o non sabían.

O Sr. Rodríguez, cando fala eisi é que non leu *La Nacionalitat catalana*, de Prat da Riba nin outros libros do mesmo xeito. O Sr. Rodríguez non sabe que o Sr. Cambó nin ningún nazonalista catalán axudará ós galegos que ollan no galego un carce que impide voar pol-os hourizontes arribistas de Castela. O Sr. Cambó non simpatizará con quen esquen que o galego e idioma vivo de 30.000.000 d'almas, e único instrumento capaz de darnos unha cultura, unha concencia e un traballo propios.

O galego é, tamén, a peneira. Quen sendo galego faga noxos ante o galego, merece sere ollado con receio.

## Peneirando...

O Réximen levou nazonalistas catalás ó Poder.

Os ideás de Cambó impónense,

E ¿non dicía Barcia Cabaleiro que Cambó era un antepatriota, un home perigoso?

¿Non nos dixeron os rexionalistas ortodoxos cando aquela argallada d'Ourense, que o nazionalismo era unha cousa cativa?

¿Non dixo Benavides, pasante no bufete de Bugallal, que había que impedire que os catalás viñesen a Galicia?

¿O nazionalismo! Velahí o enemigo dos tiráns e dos caciques e cuneiros. Velahí a fonte do noso progreso e da nosa liberdade.

*Cosas veredes el Cid...*

\*\*\*

Temos falado con moitos intelectuás presixiosos.

Todos nos dixeron que Besada era un político valeiro, fallo de miolo.

Agora confirmouno na Cruña, co'a sua grande autoridá, Xosé Ortega Gasset.

¿Besada, Besada—eisi s'espresou c'un amigo noso—: Besada é unha ridícula cousa inesistente!

¿Coida o contrario *El Noroeste*?

Tamén Ortega Gasset, dixo na sua conferencia do «Circo d'Artesanos».

«Hai que barrer non samente a tod'o estado maor da vella política, senon a cantos con ise estado maor tiveron e teñen relacións».

\*\*\*

E o mesmo mestre novo, agregou: «O Rexionalismo será a salvación d'España. O rexionalismo que leve ós cárgos públicos as xentes novas, que, deica agora, traballaron na modestia e teñen merecimentos propios».

\*\*\*

Fixose na Cruña unha Asambreira de Veterinarios da provincia, pra pedire ó Goberno que faga cumprir as leises relacibadas

con aquela importante profesión e que o caciquismo rural desobedece e esquence.

Os veterinarios deixaron formada unha Sociedade de defensa dos seus lexítimos intereses.

Na sesión do peche, falou en galego con fonda elecucencia e sinxeleza, noso querido irmán santiagués Xesús Culebras.

As «Irmandades da Fala» axudarán, sempre que sexa perciso, ós veterinarios galegos na loita contra dos caciques.

\*\*\*

¡Ai ho! Tamén si o Goberno suprime os Alcaldes de R. O. como é de xusticia, cantos candidatos a concexales chorarán, layándose, da sua cativa sorte.

¿Veunos unha meigal—dirán—. Non lembrarnos denantes de entrar na vida pública...

Si iban tras a vara, atoparanse c'un pau. Ou o que o mesmo: amocáronse.

\*\*\*

Ó festexar o pirmeiro ano da publicación d'iste boletín, lembrámonos con agarimo dos nosos colaboradores e, n'especial, do insine caricaturista Alfonso R. Castelao, un dos irmáns predileutos, un dos galeguistas mais enxebres, mais nobres, mais xenerosos.

\*\*\*

Na Universidade de Valencia, antr'o mais seleito d'aquela cidá, con motivo da *Festa da Raza* pornunciou un discurso notable cheo d'elocuencia e de fondos pensamentos o catedrático D. Xosé M.<sup>a</sup> Zumalacárregui.

Iste catedrático que, inda non galego, sinte moito afeuto hacia a nosa terra, falou, coincidindo con Xosé Ortega Gasset, en duas cousas: no doerse de que España non se preocupe das Américas e na defensa do pesimismo, sempre que sexa condicioado.

Tamén coida que das Universidades terá de sair a nazon de mañán.

O discurso do Sr. Zumalacárregui é merecente de calurosas loubas.

LIT. E IMP. ROEL-CORUÑA.

Faise cárrago de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGABADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

NOVO LIBRO

Da Terra

asoballada

POESÍAS

DE

Ramón Cabanillas



De venda en total-as librerías e na adeministración d'*A Nosa Terra*.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA

::: DE CALZADO :::

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**Automovilistas:**

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

**PALMER**

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

**BALDOMIR**

Pòrase axiña a venda unha ñova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

**LABREGOS:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezós e condiciós ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92, e Canalejas, 77

**FERROL****H. LA PALOMA**

— DE —

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastaría de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

—+—

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

**Farmacia da Silva**

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS

SURTIDO COMPRETO

Silva -- A Cruña

Os esquisitos VIÑOS do

**VALLE DE MONTERREY - Ourense**

véndense na rúa da Franxa, 41

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.


**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

**LINEA DE HABANA E VERACRUS**

Prezo en terceira â Habana . . . . .	Ptas. 298'60
» » Veracrús. . . . .	» 313'60

Facilítanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.